

O SALARIO

O salario ou remuneración salarial é o pago que recibe en forma periódica un traballador de mans do seu xefe a cambio do traballo para o que foi contratado.

Cando os pagos se efectúan de forma diaria recibe o nome de xornal.

É unha contraprestación principalmente en diñeiro pero pode contar cunha parte en especie avaliable en termos monetarios. Sempre debe existir unha remuneración en cartos, a especie é necesariamente adicional.

O salario está composto por dous tipos de percepcións salariais: o salario base e os complementos salariais.

- **O salario base** non o establece a empresa, senón que cada categoría profesional ten fixado un en cada convenio colectivo. Pode ser inferior ó SMI (salario mínimo interprofesional) sempre que a suma do salario base e dos complementos salariais sexa igual ou superior ó dito SMI.
- **Complementos salariais.** (Consulta-la folla que se xunta ó final do documento). Poden ser:
 - Persoais
 - De posto de traballo
 - Por calidade ou cantidade
 - Vencemento periódico superior ó mes

- En especie
- De residencia

O SMI (SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL)

www.boe.es/boe/dias/2009/12/31/pdfs/BOE-A-2009-21170.pdf

É a cantidade retributiva mínima que percibirá o traballador referida á xornada legal de traballo en calquera actividade da agricultura, industria ou servizos, sen distinción de sexo ou idade dos traballadores, sexan fixos, eventuais ou temporeiros, ou sexan persoal ó servizo do fogar familiar.

O salario mínimo interprofesional fíxao anualmente o Goberno, mediante Real Decreto, previa consulta coas organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas, tendo en conta o índice de prezos ó consumo (IPC), a produtividade media nacional alcanzada, o incremento da participación do traballo na renda nacional e a conxuntura económica xeral. A contía fíxase en salario/día e salario/mes e no caso de empregados de fogar fíxase tamén en salario/hora.

Igualmente fixarase unha revisión semestral para o caso de que non se cumpran as previsións sobre o índice de prezos citado.

O salario mínimo interprofesional, segundo dispón o Estatuto dos Traballadores, é **inembargable**.

Importe do SMI para calquera actividade

No ano 1998 equiparouse o salario mínimo dos menores de 18 anos co dos maiores de dita idade, fixándose un único salario mínimo.

Para 2010 o salario mínimo para calquera actividade queda determinado en 21,11 euros/día ou 633,30 euros/mes segundo que o salario estea fixado por días ou por meses.

Este salario enténdese referido á xornada legal de traballo en cada actividade, sen incluír no caso do salario diario a parte proporcional dos domingos e festivos.

As cantidades indicadas anteriormente veranse incrementadas cos complementos salariais que correspondan.

No cómputo anual para 2010 a contía do Salario Mínimo Interprofesional, incluídas as pagas extraordinarias, non será inferior a 8.866,20 euros para traballadores con xornada legal completa.

No caso de xornadas inferiores ás legais percibirase a parte proporcional.

Importe do SMI para traballadores Eventuais ou Temporeiros

Cando a relación laboral non exceda de 120 días para unha mesma empresa percibirán, conxuntamente co salario mínimo diario establecido, a parte proporcional da retribución dos domingos e festivos, así como das dúas gratificacións extraordinarias a que, como mínimo, ten dereito todo traballador, correspondentes ó salario de 30 días en cada unha delas. En ningún caso a contía diaria do salario profesional pode resultar inferior a 30 euros por xornada legal na actividade.

No que respecta á retribución das vacacións, estes traballadores percibirán, conxuntamente co salario indicado anteriormente, a parte proporcional correspondente ás vacacións legais mínimas nos supostos en que non existira coincidencia entre o período de goce das vacacións e o tempo de vixencia do contrato.

Importe do SMI para empregados do Fogar Familiar

Será o indicado para «calquera actividade». Non obstante, os que traballen por horas percibirán como mínimo 4,96 euros por hora efectiva de traballo.

A ter en conta:

As contías fixadas son un salario mínimo, polo que pode ser superado por convenio colectivo ou pacto individual coa empresa. En calquera caso, os salarios acordados en convenio colectivo no poderán ser inferiores en cómputo anual á cantidade aprobada polo Goberno na disposición correspondente, actuando como garantía salarial.

A revisión do Salario Mínimo Interprofesional non afecta á estrutura, nin á contía dos salarios profesionais que se viñeran percibindo polos traballadores, cando tales salarios no seu conxunto e en cómputo anual foran superiores ó dito salario mínimo.

